

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 75

ano 12

marzo-abril 2018

A Segunda República en Ourense (II) CARLOS TABOADA TUNDIDOR E A CEDA

11

C-24111/41 (MS)

TELEGRAMA		Punto de destino	Nación	Via
nom.	Palabras	Fecha	hora	Indicaciones
DESTINATARIO: <i>Gil Robles</i>		Transmido a		
Señas: <i>Acción Popular Alfonso XI.4</i>		Hora:		
TEXTO: <i>mitin preparado en Ourense para celebrar una reunión, razones políticas, explicables. palabras, suplicas agradeciendo lo escrito que no pudiendo ir Coruña venga a Ourense mitin día 7 mayo -</i>				
<i>Carlos Taboada</i>				
DOMICILIO DEL EXPEDIDOR <i>Parque Miraflores 1.</i>				

Revista S. A. - Madrid - Modelo núm. 1.

O 6 de xaneiro de 1936, **José María Gil Robles**, líder nacional da *Confederación Española de Derechas Autónomas* (CEDA), ofreceu un **mitin** na cidade de Ourense. Nesas datas, dábase comezo á importante **campaña electoral** das eleccións lexislativas do 16 de febreiro de 1936. A súa visita recollérona os xornais máis relevantes da época, caso do ABC. Foi un dos acontecementos máis transcendentais no Ourense da Segunda República, mais a súa orixe lévanos varios anos atrás.

Nos fondos do AHPOu, atopámonos cun **telegrama** enviado por Carlos Taboada Tundidor, xefe provincial de *Acción Popular* (AP), a Gil Robles en maio de 1934. Nel agradece o **esfuerzo** que estaba a realizar o líder cedista para dar un mitin na cidade de Ourense o 7 de maio. Dous anos atrás, en 1932, Gil Robles xa estivera en Galicia desenvolvendo unha serie de mitins, mais non en Ourense. A comezos de 1934, o político dereitista iniciou contactos con Carlos Taboada para dar un mitin na capital ourensá co fin de conseguir adeptos para a súa causa no “**feudo**” político de *Renovación Española* (RE) e do seu líder, José Calvo Sotelo. Finalmente, o mitin de maio de 1934 en Ourense suspendeuse.

O evento xa fora atrasado en abril, debido ás circuns-

tancias parlamentarias que acontecían nas Cortes de Madrid que levaron a un cambio de goberno a finais dese mesmo mes.

A través dunha numerosa **correspondencia** con Gil Robles, coñecemos a importancia que tivo Carlos Taboada Tundidor na preparación do acto falido de 1934. E, malia o seu empeño, non chegou a ver o líder cedista en Ourense, debido ao seu pasamento en 1935.

O desenvolvemento da **visita** de xaneiro de 1936 podémolo coñecer grazas á prensa escrita do momento. Desde o **Teatro Principal** e, posteriormente, o **Teatro Losada**, Gil Robles realizou unha serie de declaracións respecto á situación política do país. A súa vez, afirmou estar en **débeda** con Ourense pola suspensión das súas anunciadas visitas á cidade nos anos previos. Ao remate do seu discurso, marchou a Lugo para continuar coa súa campaña electoral.

1934, maio, 5. Ourense

Telegrama urgente de Carlos Taboada Tundidor a José M^a Gil Robles suplicándolle que non anule o mitin programado en Ourense para o próximo 7 de maio.

14,7 x 21,6 cm.

AHPOu. Carlos Taboada Tundidor, C. 24111/41 (115).

Carlos Taboada Tundidor

Nado o 8 de agosto de 1880 en Ourense, Carlos Taboada Tundidor foi un dos personaxes políticos máis destacados da Ourense da primeira metade da década de 1930. **Avogado e oficial no exército** antes da súa experiencia política, escribiu un gran número de **obras** de carácter xurídico, agrícola e militar, caso de *El Reclutamiento en Japón* (1910) ou *La igualdad de derechos para los dos sexos* (1933).

Retirado do exército nos comezos da Segunda República, en 1933 iniciouse na vida política, como fixera gran parte da súa familia anos antes. O seu pai, **Juan Taboada González**, foi alcalde conservador de Ourense (1914-15) e presidente da Deputación ourensá (1917-18 e 1930); e un dos seus irmáns, **Antonio Taboada Tundidor**, tivo unha longa etapa na vida política a nivel nacional, chegando a ser deputado por Ourense nas Cortes da Segunda República polo *Partido Agrario Español* (PAE).


Carlos Taboada Tundidor, de **ideas conservadoras**, converteuse no líder de *Acción Popular* (AP) en Ourense. O dito partido, aínda que autónomo, integrouse na CEDA en 1933. O papel da **CEDA** era escaso en Ourense, xa que o poder se concentraba nas mans dos republicanos dereitistas do *Partido Republicano Radical* (PRR), na cidade, e polos monárquicos de RE, no resto da provincia. A chegada de Carlos Taboada á xefatura provincial de AP, propiciou un aumento da influencia da CEDA na sociedade ourensá. A partir dese momento, Carlos Taboada Tundidor converteuse no pilar fundamental de **Gil Robles** en Ourense.

Os resultados da súa xestión levárono a conseguir a única acta dun **deputado cedista** por Ourense nas eleccións lexislativas de novembro de 1933. O seu contacto directo con Gil Robles serviu para que durante a súa presidencia en AP de Ourense (1933-1935) a CEDA fixese fronte ao poder case absoluto dos calvosotelistas. Exercendo aínda o seu cargo de deputado en Cortes, Carlos Taboada Tundidor morreu en Ourense o 26 de abril de 1935.

José María Gil Robles

José María Gil Robles (Salamanca, 22/11/1898 – Madrid, 14/09/1980) foi un dos personaxes políticos máis importantes da Segunda República. Licenciado en Dereito, tivo unha **carreira política** longa, iniciada na década de 1920. Comezou a Segunda República dentro do **movemento agrario**, obtendo un escano por Salamanca nas eleccións constituíntes de 1931. Posteriormente, militou en **Acción Nacional**, que, en 1932, tras o seu ascenso dentro do partido, pasou a chamarse *Acción Popular* (AP). Nos inicios de 1933, AP integrouse dentro da CEDA, partido de nova creación, de dereitas e que procuraba ser o **partido das masas católicas** do país. A gran oratoria de Gil Robles levaríao, prontamente, á presidencia do partido. Nas eleccións de novembro de 1933, a CEDA converteuse no partido máis

votado, obtendo maioría relativa (115 escanos dos 450 totais). Co apoio da CEDA, o PRR gobernou até setembro de 1935. A posición dubitativa do político salmantino, respecto a se apoiaba ou non á República, definíndose como **accidentalista**, granxeoulle numerosos inimigos dentro das filas republicanas.



Portada da obra de Carlos Taboada Tundidor *La igualdad de derechos para los dos sexos* publicada en 1933. AHPOu, Carlos Taboada Tundidor,

En outubro de 1934, a entrada de deputados da CEDA no goberno do PRR, levou a unha **folga xeral** revolucionaria, que tivo un cruento final en Asturias, e á auto-proclamación da **República de Cataluña**. Do mesmo xeito, a súa elección como ministro de Guerra, en 1935, xerou unha forte oposición.

Tras as eleccións de febreiro de 1936, a CEDA pasou a ser o **líder da oposición** fronte ao goberno da Fronte Popular. E, tras o golpe de Estado de xullo de 1936, Gil Robles apoiou ao **bando sublevado** durante a Guerra Civil, confiando na volta á monarquía tras o fin desta.

A correspondencia entre Gil Robles e Taboada Tundidor

O contacto entre o líder cedista e Carlos Taboada Tundidor pódese atopar no AHPOu. O fondo documental do político ourensán foi doado polos seus herdeiros en 2011. Nel encontramos preto de corenta cartas e telegramas que foron enviados, entre 1933 e 1935, polos dous líderes conservadores.

A evolución de AP, as disputas políticas na provincia ourensá, as reunións entre ambos ou a cancelación do mitin de maio de 1934 son os temas principais da correspondencia dos políticos.

Cabe citar a primeira carta enviada por Carlos Taboada, o 28 de setembro de 1933, por mor da constitución de AP en Ourense. Pola súa vez, a derradeira misiva entre ambo os dous dátase o 17 de xaneiro de 1935; o motivo era a petición do deputado ourensán para nomear director xeral da Garda Civil ao xeneral Martínez Monje.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA

Texto: Carlos Lozano González e Pablo Sánchez Ferro. D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491